



CONCELLO DE MUROS

Curro da Praza, 1
15250 Muros
A Coruña
Tfno.: 981 826 050
correo@muros.gal
www.muros.gal

RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA

Expediente núm. 2024/A002/000005

Procedemento: Concesión directa de subvención con tramitación anticipada.

Asunto: Transferencia corrente para o ano 2024 por concesión directa de subvención por razón de interese social e humanitario a favor da ONG Intervención, Ayuda y Emergencias (G-96912639).

A consecuencia da DANA (Depresión Illada en Niveis Altos) que padeceu a Comunidade Valenciana o pasado día 29 de outubro de 2024, e debido a que situación de emerxencia provocada continúa na actualidade, este Concello dispuxo o envío de efectivos persoais e materiais do Grupo de Emerxencias Supramunicipais de Muros (GES) para axudar de forma voluntaria a paliar as consecuencias derivadas da emerxencia climatolóxica sufrida.

Este desprazamento da lugar a existencia de gastos (manutención, combustibles e outros materiais de limpeza) que o Concello de Muros ten que asumir.

Coa finalidade de afrontar estes gastos, que se van abonar por parte da ONG Intervención, Ayuda y Emergencias, con sede en Algemés (Valencia) que vai a acoller aos traballadores do Concello de Muros, é preciso o outorgamento sunha subvención nominativa en favor de dita asociación.

Debido á urxencia do traballo a desenvolver polos GES de Muros así como a natureza do servizo a realizar (limpeza, rescate, melloras de infraestruturas etc..) non se poden subvencionar a través dunha convocatoria de axudas cun réxime de concorrència competitiva, pola premura dos traballos a realizar.

Considerando o carácter especial da actividade humanitaria a desenvolver pola ONG Intervención, Ayuda y Emergencias (CIF: G96912639) a presente subvención directa, cumpre todos os requisitos esixidos pola Base 45.1.c) das Bases de Execución do Orzamento, sendo de aplicación o procedemento de concesión directa por razóns de interese humanitaria e social, e realiza actividades que caen dentro das competencias que o artigo 25.2. da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, atribúe ás entidades locais para a xestión dos seus intereses.

Acreditada a existencia de saldos de créditos retidos na aplicación do orzamento municipal 24/231.480000 por importe de 4.000 €.

Emitida pola Intervención municipal Dilixencia de Intervido e conforme de data 05/11/2024.

Emitido informe de Tesourería do 05/11/2024 acreditando que a entidade subvencionada está ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias.



CONCELLO DE MUROS

Curro da Praza, 1
15250 Muros
A Coruña
Tfno.: 981 826 050
correo@muros.gal
www.muros.gal

Considerando que a aportación económica terá efectos económicos no exercicio 2024 e polo tanto debe someterse a súa eficacia ao previo cumprimento da condición de existencia de crédito adecuado e suficiente no orzamento municipal do exercicio no que se realiza a actividade.

Considerando, que en virtude do establecido no artigo 21.1.f) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local e no artigo 41.17 do RD 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades locais, en relación ca aplicación analóxica da disposición adicional segunda da LCSP, é competencia desta Alcaldía a concesión de subvencións para a realización de actividades que caen dentro do ámbito das competencias propias **RESOLVO:**

Primeiro. Aprobar o expediente de concesión de subvención directa por razóns de interese social e humanitario, por conseguinte, a autorización e disposición do gasto con cargo a aplicación 24/231.48000 do Estado de Gastos do Orzamento Municipal do 2024, por importe de 4.000,00 € a favor da ONG Intervención, Ayuda y Emergencias (CIF: G96912639) destinada a financiar a realización da actividade que se describe nos antecedentes.

Segundo. Aprobar o procedemento de pago anticipado da subvención concedida, e recoñecer obrigas, ordenar o pago e realizar o pago por importe de 4.000,00 € a favor ONG Intervención, Ayuda y Emergencias (CIF: G96912639) destinado a financiar a realización da actividade indicada.

Terceiro. Proceder a notificación regulamentaria da presente Resolución a ONG Intervención, Ayuda y Emergencias, e dar traslado ao negociado de Contabilidade e Intervención e Tesourería Municipal, e ao Pleno Corporativo na primeira sesión que celebre.

Cuarto. Contra este acordo que pon fin á vía administrativa poderá interpoñer recurso potestativo de reposición regulado nos artigos 52 da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, e 123 e seguintes da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, ante a Alcaldía no prazo dun mes a contar dende o día seguinte ao da notificación, ou interpoñer recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso-administrativo de A Coruña, no prazo de dous meses (artigos 8 e 46 da Lei 29/1998, de 13 de xullo, Reguladora da Xurisdicción contencioso-administrativa), todo ilo sen perxuízo de que poida exercer calquera outra actuación que estime pertinente para a defensa dos seus dereitos.

En Muros, asinado dixitalmente pola Sra. Alcaldesa D^a María Lago Lestón, ante mín a Sra. Secretaria xeral Dña. Mónica Freire Dosil, do que dou fe.

DOCUMENTO ASINADO DIXITALMENTE Á MARXE